



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMARIÑAS

*Modificación de asistencias a órganos Colexiados*

### MODIFICACIÓN POR ASISTENCIAS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS PARA OS MEMBROS DA CORPORACIÓN

Polo presente, en cumprimento do disposto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, faise público que o pleno do Concello de Camariñas, en sesión extraordinaria de data 18 de marzo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Considerando que o artigo 75 da Lei de Bases de Réxime Local, 7/85 de 2 abril, reconece o dereito dos membros da Corporación que non teñan dedicación parcial ou exclusiva a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados resulta preciso proceder a determinación das mesmas.

Dado que o Concello ten que acollerse ó disposto na DA 94.<sup>a</sup> da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, que obriga ás Entidades Locais que contén cun período medio de pago global a provedores superior a 30 días, a acollerse ó procedemento extraordinario de financiación das obrigas pendentes de pago.

Un dos requisitos fundamentais marcado pola lei é que os Concellos que queiran acollerse a esta medida deberán elaborar un plan de axuste, que deberá estar en vigor durante o período de amortización previsto para a operación de endebedamento que se formalice.

Unha das medidas que se conteñen neste plan de axuste é o de minorar o importe de indemnizacións por asistencias aos órganos Colexiados que reciben os membros da Corporación que non teñan atribuída dedicación parcial ou exclusiva, quedando o importe seguinte:

Por asistencia ás sesións plenarias: 80,00 €.

Por asistencia ás sesións da Comisión Informativa de Asuntos Xerais e da Comisión.

Especial de Contas: 100,00 €.

Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 80,00 €.

Considerando pois os fundamentos anteriormente expostos e visto o establecido no artigos 75, 75 bis) e 75 ter) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local se propón a adopción do seguinte, ACORDO

**Primeiro.**–Modificar o réxime de indemnizacións por asistencias aos órganos Colexiados para os membros da Corporación que non teñan atribuída dedicación parcial ou exclusiva fixado polo Pleno do 2 de xullo de 2019, quedando da seguinte forma:

Por asistencia ás sesións plenarias: 80,00 €

Por asistencia ás sesións da Comisión Informativa de Asuntos Xerais e da Comisión Especial de Contas: 100,00 €.

Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 80,00 €.

**Segundo.**–Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería e procédase de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).

Camariñas, 22 de marzo de 2022

A alcaldesa

Sandra Insua Rial



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

#### RÉXIME DE DEDICACIÓNS, RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS PARA OS MEMBROS DA CORPORACIÓN

**Polo presente, en cumprimento do art. 8.1f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, público que o pleno do Concello de Camariñas, en sesión extraordinaria de data 2 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:**

Considerando que o art. 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, recoñece o dereito dos membros das Corporacións locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando teñan dedicación exclusiva ou parcial aos mesmos, sendo dados de alta no réxime xeral da seguridade social e asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan.

Considerando o volume de servizos, actividades e expedientes de diversa natureza nesta corporación faise necesario, para o seu axeitado seguimento e atención específica, que diversos membros do grupo de goberno desempeñen o seu cargo, alcaldía e concellarías delegadas, en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

Considerando así mesmo que o citado art. 75 recoñece o dereito dos membros da Corporación que non teñan dedicación parcial ou exclusiva a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados resulta preciso proceder a determinación das mesmas.

Vistos os informes emitidos pola secretaría e a intervención municipal.

Considerando pois os fundamentos anteriormente expostos e visto o establecido no arts. 75, 75 bis) e 75 ter) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

**Primeiro:** Determinar o réxime de dedicación, exclusiva ou parcial, para os seguintes cargos da corporación e pola seguintes contías:

1.- Cargos a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva.

Desempeñaranse en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación, cos dereitos e obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual que a continuación se indica:

CARGO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL (14 pagas)
Alcaldía	33.984,44 €
Concellaría delegada de Urbanismo, Medio Ambiente e Emprego	21.380,46 €
Concellaría delegada de Cultura, Encaixe e Turismo	21.380,46 €

2.- Cargos a desempeñar en réxime de dedicación parcial.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Desempeñaranse en réxime de dedicación parcial o seguinte cargo da Corporación, cos dereitos e obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual que a continuación se indica:

CARGO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL (14 pagas)
Concellaría delegada de Servizos Sociais e Igualdade	13.098,26 €

3.- A retribución bruta anual en ambos casos estará dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía, a percibir nos meses de xuño e decembro.

**Segundo:** Que a retribución bruta anual da Concellaría e desempeñar en réxime de dedicación parcial ao 60% sexa proporcional ao número de horas de dedicación efectiva tomando como referencia trinta e sete hora e media, polo que se establece unha dedicación mínima de vinte e dous horas e media semanais, en un horario de luns a venres de 9:00 a 13:30 horas.

**Terceiro:** Que os membros da Corporación que vaian desenvolver os seu cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial sexan dados de alta no réxime xeral da seguridade social.

**Cuarto:** Que o presente acordo produza efectos desde o día seguinte a súa adopción, non obstante é de conformidade co art. 13.4 ROF para a percepción das correspondentes retribución se requirirá a previa aceptación, no prazo de tres días, do réxime de dedicación a cuxos efectos o presente acordo deberá ser notificado a Dna. Sandra Inua Rial, D. Sergio Camaño Fernández, Dna. Encarnación Liñeiro Pouso e Dna. Begoña Tajés Méndez.

**Quinto:** Aprobar o seguinte réxime de indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados para os membros da Corporación que non teñan atribuída dedicación parcial ou exclusiva:

Por asistencia ás sesións plenarias: 100,00 €

Por asistencia ás sesións da Comisión Informativa de Asuntos Xerais e da Comisión Especial de Contas: 150,00 €

Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 100,00 €

**Sexto:** Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería e procédase de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

A Alcaldesa,

Sandra Insua Rial



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA, SRA. LIÑEIRO POUSO, Á RETRIBUCIÓN POLO EXERCICIO DA CONCELLARÍA DELEGADA DE CULTURA, ENCAIXE E TURISMO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

**Polo presente, en cumprimento do art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, faise público o Decreto da Alcaldía núm. 649/2019, de data 3 de decembro de 2019.**

Visto que en virtude do Decreto desta Alcaldía 349/2019, de data 27 de xuño de 2019, se efectuou a delegación xenérica da área/concellaría de Cultura, Encaixe e Turismo na Concelleira Dna. Encarnación Liñeiro Pouso, sendo aceptada dita delegación en data 28 de xuño de 2019.

Visto que en virtude de acordo plenario de data 2 de xullo de 2019 se determinou que a Concellaría delegada de Cultura, Encaixe e Turismo fose desempeñado en réxime de dedicación exclusiva, fixándose unha retribución bruta anual de 21.380,46 €.

Visto que no citado acordo plenario se estableceu que de conformidade co art. 13.4 do ROF a percepción das correspondentes retribucións que nel se establecían requirirían a previa aceptación, no prazo de tres días, do réxime de dedicación establecido, polo que debería de notificarse o citado acordo aos membros da Corporación afectados polo mesmo.

Visto que a Sra. Liñeiro Pouso aceptou o réxime de dedicación/retribución establecido polo Pleno, en data 3 de xullo de 2019, segundo consta no expediente.

Visto que no día de onte (RXE nº 201999900000498) a Concelleira, Sra. Liñeiro Pouso, presenta un escrito no que renuncia a percibir a retribución polo desempeño da Concellaría delegada de Cultura, Encaixe e Turismo en réxime de dedicación exclusiva.

É polo que á vista dos antecedentes anteriormente exposto, de conformidade co previsto no art. 75 da Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e en uso das facultades que me atribúe o art. 21 citada norma, acordo:

**Primeiro:** Aceptar de plano a renuncia á retribución polo exercicio da Concellaría delegada de Cultura, Encaixe e Turismo en réxime de dedicación exclusiva da Concelleira, Dna. Encarnación Liñeiro Pouso, con efectos desde o día de hoxe, tres de decembro de dous mil dezanove.

**Segundo:** Notificar o presente Decreto á interesada.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería e procédase de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

DETERMINACIÓN DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA CONCELEIRA, SRA. LIÑEIRO POUSO.

**Polo presente, en cumprimento do art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, faise público o Decreto da Alcaldía núm. 192/2020, de data 29 de maio de 2020.**

Visto que en virtude do Decreto desta Alcaldía 349/2019, de data 29 de xuño de 2019, se efectuou a delegación xenérica da área/concellaría de Cultura, Encaixe e Turismo na Concelleira Dña. Encarnación Liñeiro Pouso, sendo aceptada dita delegación, en data 28 de xuño de 2019.

Visto que en virtude de acordo plenario de data 2 de xullo de 2019 se determinou que o cargo da Concellaría delegada de Cultura, Encaixe e Turismo fose desempeñado en réxime de dedicación exclusiva, fixándose unha retribución bruta anual de 21.380,46 €.

Visto que no citado acordo plenario se estableceu que de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a percepción das correspondentes retribucións que nel se establecían requirirían a previa aceptación polo/a interesado/a do réxime de dedicación establecido, polo que debería de notificarse o citado acordo aos membros da Corporación afectados polo mesmo.

Visto que a Sra. Liñeiro Pouso aceptou o réxime de dedicación/retribución establecido polo Pleno, en data 3 de xullo de 2019, segundo consta no expediente.

Visto que con data 2 de decembro (RXE nº 20199990000498) a Concelleira, Sra. Liñeiro Pouso, presentou un escrito no que renuncia a percibir a retribución polo desempeño da Concellaría delegada de Cultura, Encaixe e Turismo en réxime de dedicación exclusiva.

Visto que a citada renuncia á retribución foi aceptada de plano por esta Alcaldía en virtude do Decreto 649/2019, de data 3 decembro de 2019, con efectos desde esa mesma data.

Considerando que a Concelleira, Sra. Liñeiro Pouso, segue ostentando a condición de Concelleira Delegada de Cultura, Encaixe e Turismo, cargo que segundo o citado acordo plenario leva aparelado un réxime de dedicación exclusiva coa correspondente retribución, acordo que non se veu afectado/modificado desde a data da súa adopción polo pleno, 2 de xullo de 2019.

Considerando que o art. 75.5 da Lei /1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece que: *"As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia nos catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial"*

Visto, pois, que de conformidade co disposto no artigo anteriormente transcrito corresponde ao Pleno do Concello determinar os cargos municipais que se van desempeñar con dedicación exclusiva ou parcial, no seu caso, indicando as contías, condicións e termos en que se van a levar a efecto e que determinados os cargos polo Pleno é atribución da Alcaldía determinar os membros da Corporación que desempeñarán os devanditos cargos.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Considerando que o art. 13.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece: *“O nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só supoñerá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva se é aceptado expresamente por aquel, nese caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno da seguinte sesión ordinaria”*.

Á vista, pois, dos antecedentes anteriormente expostos e de conformidade e uso das facultades que me confiren os arts. 21 e 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o art. 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, é polo que acordo:

**Primeiro:** Determinar que a Concelleira, Sra. Liñeiro Pouso, exerza as súas funcións de Concelleira Delegada de Cultura, Encaixe e Turismo en réxime de dedicación exclusiva, de conformidade co acordo plenario de data 2 de xullo de 2019 e o Decreto da Alcaldía 349/2019, de data 29 de xuño de 2019. A dedicación exclusiva se levará a efecto conforme as contías, condicións e termos acordados polo Pleno do Concello na sesión de data 22 de xullo de 2019

**Segundo:** Que o presente acordo produza efectos desde 1 de xuño de 2020, non obstante é de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais para a percepción da correspondente retribución se requirirá da interesada a previa aceptación expresa, aceptación que deberá ser outorgada no prazo de tres días hábiles a contar desde o seguinte á recepción da correspondente notificación do presente.

**Terceiro:** Notificar o presente á interesada, Sra. Liñeiro Pouso.

**Cuarto:** Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería aos efectos económicos e administrativos correspondentes e procédase de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.  
A alcaldesa,

Asdo.: Sandra Insua Rial